

## SOBRE TOPÓNIMOS MODERNOS GALEGOS EN -OLLO DE POSIBLE ORIXE PRERROMANA

Carlos Búa

1. A investigación etimolóxica no ámbito da toponimia moderna de orixe prerromana é unha loita contra numerosos obstáculos, dos que un somos nós mesmos co noso frecuente exceso de optimismo sobre todo con respecto ás ideas propias, esquecendo que calquera opción que en principio sexa viable e nos pareza atractiva carece de calquera outro valor que transcendga o que de seu e sen máis lle corresponde. Calquera posibilidade, por moi marabillosa que nos pareza (criterio este case sempre subxectivo), non deixa de ser nunca posibilidade e non debe por tanto ser obxecto de fe por parte propia nin allea. Nalgúns traballos é doadoo comprobar, non obstante, como as propostas dos demás se miran co escepticismo xusto e necesario e se condenan enerxicamente se así o merecen, mentres que as propias se mudan ás agachadas de possibles en probables, recolléndose unhas liñas más abaixoo como seguros e firmes alicerces de novas hipóteses que, a pesar de seren dobremente especulativas, se nos queren presentar como plenamente satisfactorias e sobradamente fidedignas. O certo é, con todo, que neste ámbito de investigación hai moi pouco lugar e motivos para os optimismos por unhas razóns teóricas que son evidentes:

- a. calquera proposta etimolóxica no ámbito da onomástica é en principio e por natureza más insegura ca no léxico común, dado que se ve obrigada a sustentar-se praticamente só no plano formal, pero a procura do significado e etimoloxía de nomes de orixe prerromana é por suposto ainda más problemática, dado que aquí témo-lo obstáculo engadido fundamental de que descoñecemos por completo ou case por completo a lingua na que se crearon esas formas. O tipo de obxecto designado (río, monte, asentamento...) e eventualmente as súas características físicas poden orientarnos cara a determinados campos semánticos e/ou excluír outros. Pero o abano de posibilidades é sempre tan amplio que na práctica en pouco ou nada se pode reduci-lo nivel de especulación e por tanto de incerteza das nosas propostas. Se nos movemos no ámbito dos nomes indoeuropeos, temos

Carlos Búa

áñda a referencia dunhas regras de formación de palabras e un determinado corpus de raíces e afixos en xeral ben coñecidos. Se pretendemos, en cambio, chegar a non só distinguir e identificar, propósito que de seu xa é todo un desafío, senón ademais entende-la morfoloxía e descubri-lo significado de calquera forma procedente das camadas más fondas preindoeuropeas, eu persoalmente son moi escéptico de que no noroeste peninsular esteamos por agora en condicións de acadar nada ou case nada digno verdadeiramente de deposita-la nosa confianza.

- b. por outra parte, cando a toponimia prerromana se documenta en fontes antigas só debemos temer los problemas da súa adaptación (greco-)latina, pero se a primeira documentación de que dispomemos é tardía ou sobre todo só moderna, hai tantos cambios fonéticos regulares e irregulares que poden ter transformado e desfigurado os nomes que estamos a estudar que a súa verdadeira orixe resulta ás veces indeterminable ou, se cadra, unha simple opción viable entre outras tamén imaxinables.

Ante estas circunstancias creo que está claro que os optimismos están de máis e é necesaria a maior prudencia á hora de proponer e sobre todo aceptar á boa fe a suposta etimoloxía de calquera topónimo moderno de suposta orixe prerromana, acompañándonos sempre dun san escepticismo como mellor aliado e conselleiro. É moi importante ser conscientes de que unha parte da nosa toponimia é de orixe desconecida ou, dito doutra maneira, de orixe (áñda) non esclarecida e de que non se debe caer na tentación de clasificar á lixeira todo o que (por agora) non se entende como prerromano por simple exclusión ou fiados en puras especulacións etimolóxicas, convertendo así esta arca marmórea do mundo lingüístico prelatino no pozo negro do noso lixo topónomico. O único que se acada así é un xigantesco *mare magnum*, ben enlodado e ben rodeado de espesas brétemas, onde a pesar de todo algúns toponimistas con presuntos métodos e instrumentos ópticos especiais logran divisar raíces, afixos e alternancias tanto vocálicas como consonánticas que de todo poden dar explicación onde os demais pensamos que non se pode entender nada.

## 2. O estudo dos topónimos prerromanos pode realizarse en principio de dúas maneras fundamentais, individualmente ou en grupos.

Para algúns nomes illados é posible atopar unha etimoloxía na que todo parece encaixar, tanto na forma coma no significado. Un posible exemplo nestas circunstancias pode ser o topónimo *Ézaro* (*Iesaros*/ con <z> arbitrario!, c. Dumbría AC) que podería ser herdeiro do nome antigo do treito final do río Xallas que, como é coñecido, se lanza ó mar por unha caeira espectacular. Unha posible etimoloxía indoeuropea para este topónimo posiblemente dehidronímico sería \**Isārus* ‘río bravo’, ‘rápido’ ou similar < ide. \**isH-rō-* ‘que se move, que ten forza’? (con acento inicial condicionado polas regras de acentuación latina). Esta proposta é aparentemente moi atractiva, pero o certo é que nin ela nin ningunha outra en condicións semellantes se pode considerar segura debido ó seu carácter illado que nos impide descarta-lo risco de que, por moi atractiva que nos pareza, poida ser froito da pura casualidade.

### Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana

O que máis nos interesa é estuda-los topónimos en grupos ou series<sup>3</sup> polo seguinte motivo. Antes de propoñer unha etimoloxía indoeuropea ou non, celta ou non, debemos tratar de asegurarnos de que ese topónimo poida pertencer á lingua a partir da que o queremos interpretar e o único criterio no que nos podemos basear é o da distribución xeográfica. Un topónimo solto calquera, sobre todo se é unha forma breve e pouco caracterizada como, por exemplo, *Iria* (c. Padrón AC), podería en principio ser celta ou non celta, indoeuropeo ou non indoeuropeo e non hai xeito de que nos poidamos decantar definitivamente por unha ou por outra posibilidade. A serie topónímica en *-bre* válenos, en cambio, de caso ideal oposto. Ten unha distribución moi determinada no noroeste peninsular, nun territorio (sobre todo ó norte do río Ulla) que na antigüidade estaba habitado por pobos que se denominaban célticos. Está claro, por tanto, que neste caso podemos encarar con confianza unha etimoloxía indoeuropea e máis concretamente celta.

Estes grupos poden formarse reunindo topónimos segundo a súa parte inicial ou segundo a súa terminación. Ningunha das dúas opcións se pode considerar de seu e sen máis garante de que o conxunto resultante sexa unha serie. Na miña opinión, non obstante, un destes dous procedementos permite encarar con algo máis de confianza a posibilidade de que así sexa realmente.

Se traballamos co segmento inicial corremos claramente o risco de amontoar elementos que coinciden ou se asemellan na súa forma (máis aínda cando se teñen en conta supostas alternancias vocálicas e consonánticas), pero poden ser da semántica e orixe lingüística más diversa. Non esquezamos que a toponimia prelatina é un depósito diacrónico milenario plurilingüístico que en capas progresivamente más finais vai da lingua falada polos indíxenes no período da conquista romana e latinización ata, se queremos poñer un límite último teórico, a introducida polos primeiros seres humanos que ocuparon o noso territorio. Se reunimos nomes que comparten un mesmo breve segmento inicial (por exemplo, *Carr-* e *Tur-* con tódalas súas presuntas variantes formais e morfolóxicas como se fai ás veces: *Carr/Corri/Curr-, Tar/Ter/Tor/Tur-* etc.), ¿que certeza podemos ter de que tódolos topónimos que integran cada un destes grupos pertencen realmente a unha mesma lingua? ¿Acaso non podemos ter formas que empecen por todos e cada un deses segmentos na toponimia de calquera lingua do mundo que dispoña deses fonemas? Pero aínda no caso de que correspondesen realmente a unha mesma lingua, principio fundamental do que non podemos partir, ¿que certeza temos aínda de que todas esas formas compartan unha única e mesma raíz e fagan referencia a unha única e mesma realidade?

Se reunimos, en cambio, o material topónímico atendendo á súa terminación (presuntos sufíxos e segundos membros de composto), aínda que mantendo tamén as reservas necesarias, paréceme que se pode traballar cunhas expectativas un pouco mellores polo seguinte motivo. É certo que tamén os sufíxos poden coincidir na súa forma entre linguas diferentes, estean emparentadas ou non, pero o risco de atopar tales coincidencias fortuitas no noso ámbito de estudio é en realidade bastante reducido ou, se se prefire, moito máis reducido ca no caso anterior. Frente ó campo enorme e aberto das bases léxicas, as linguas dispoñen dun repertorio limitado de sufí-

Carlos Búa

---

xos, menor áñda de sufíxos produtivos e máis pequeno áñda de sufíxos produtivos que poidan ter unha presenza extraordinaria na toponimia que son os que, despois das perdidas que sofre a toponimia ó longo dun período milenario con introdución dunha lingua nova e cunha historia tan complexa coma a da Península Ibérica, son capaces de se conservar en número suficiente para conformar áñda hoxe unha das nosas series. Deste xeito, se podemos e, ó meu modo de ver, debemos contar con que nunha listaxe feita a partir de calquera segmento inicial se van xuntar, remexer e enlevar formas de moi distinta orixe e significado, resulta en cambio moito máis difícil que un conxunto de topónimos constituído por sufíxos e, por suposto, localizado nunha área ben determinada se poida deber a unha acumulación casual de elementos heteroxéneos. O mesmo se pode dicir, penso eu, no caso dos compostos, pois tampouco é doadoo que en dúas linguas diferentes se dean dous tipos de compostos topónímicos exactamente iguais en forma e produtividade. Penso que aquí nos pode servir de referente o trazado das grandes áreas lingüísticas paleohispánicas prelatinas establecido por Untermann atendendo precisamente á distribución de determinados compostos topónímicos (en *-briga* na zona indoeuropeizada, en *-ili-* no territorio ibérico [e eusko-aquitano], en *-uba/oba* e *-ipon-* no suroeste).

Dende o meu punto de vista e polas razóns aducidas, o xeito máis adecuado de estuda-la toponimia moderna de orixe prerromana é pois por grupos reunidos de acordo co seu segmento final e enmarcados nunha área que debe ser o mellor definida posible. Considero por tanto mal encamiñado todo estudio que se limite a especular sobre o significado tanto de formas illadas e pouco caracterizadas como sobre grupos baseados na coincidencia dun breve segmento inicial, especialmente se se trata dun material enormemente disperso.

3. A pesar do forte incremento actual de traballos sobre toponimia moderna de orixe prerromana, un dos estudos más sólidos neste ámbito segue a se-lo de Moralejo Lasso a propósito dos topónimos en *-bre<sup>t</sup>*, que foi a culminación dunha longa serie de investigacións anteriores sobre o mesmo tema por parte de diferentes lingüistas encabezados por frei Martín Sarmiento. Paréceme unha boa proba da sabedoría e intelixencia deste freire que aquí homenaxeamos o feito de ser el o primeiro en reunir (incluíndo xa as súas variantes en *-bel-ve* por metátese ou disimilación) e enfocar correctamente o estudio destas formas, entendidas como integrantes dun conxunto particular de orixe non latina, áñda que logo propuxese unha adscrición lingüística coa que hoxe, tralo desenvolvemento da lingüística histórica indoeuropea e o enorme incremento do noso coñecemento da onomástica prelatina a través sobre todo da epigraffia romana, xa non podemos estar de acordo<sup>5</sup>.

No noroeste peninsular está establecido un bo número de series topónímicas prerromanas (pódense consulta-los traballos pertinentes de Moralejo Lasso<sup>6</sup>), ás que áñda se van poder engadir algunas más, menos voluminosas. Estudalas en detalle ten un interese enorme, sempre e cando, claro, se considere de enorme interese o mellor coñecemento do noso pasado. Algúns dos investigadores que participan neste congreso, J. Untermann, J.J. Moralejo Álvarez e mais eu intentamos posier en mar-

*Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana*

cha o proxecto dun Thesaurus Palaeocallaicus, onde pretendemos recoller estas e tantísimas outras xoias lingüísticas prelatinas que devecen por seren estudiadas convenientemente, apreciadas no que valen e dadas a coñecer para beneficio da nosa e doutras ciencias e de tódolos cidadáns que se interesen pola nosa historia e pola da nosa lingua. Por desgracia non somos quen de momento de esperta-la sensibilidade necesaria por parte das autoridades políticas e institucións que o poderían ter feito saír adiante.

Se a toponimia antiga en *-bri(g)-*, *-briga*, etc. (cos seus continuadores modernos en *-bre*, *-bra*, etc.)<sup>7</sup> é o diamante que máis brilla da nosa arca lingüística prelatina, os topónimos *Ocelum*, *-a* cos seus compostos constitúen sen dúbida outra das súas xoias más importantes<sup>8</sup>. A súa pervivencia na toponimia moderna non está, con todo, ainda ben establecida e documentada, pretendendo ser esta segunda parte da miña exposición unha achega neste sentido. Os estudos más importantes sobre este conxunto topográfico antigo son os de Albertos [1985] e Guerra [1998]<sup>9</sup>.

Os testemuños antigos de *\*Okelo-*, *-a* que me parecen máis fiables son os seguintes (para os datos epigráficos concretos consúltense as obras referidas):

a. Como nome simple:

- topónimo:

1) <i>Ókelon</i>	(Ptol. 2,6,22 entre os calaicos lucenses): adaptación grega de lat. <i>Ocelum</i> .
<i>Ókelon</i>	(Ptol. 2,5,7 entre os vetóns): o mesmo.
<i>Ocelae</i>	(dat., nunha inscr. achada no castro de Chao Samartín, Castro, c. Grandas de Salime OV <sup>10</sup> )

- adjetivo en *-ensi-*<sup>11</sup>:

(2) <i>Ocel-enses</i> (~ <i>Lancienses</i> )	(Plinio NH 4,118 entre os vetóns): adjetivo derivado de <i>Ocelum</i> (= <i>Ókelon</i> de Ptol. 2,5,7).
--	---

- adjetivo en *-aiko-*<sup>12</sup>:

(3) <i>Ocel-a[e]ca</i> ( <i>Arant[ija] -</i> )	
<i>[O]cel-aeco</i> ( <i>Arantio -</i> )	(dat. <sup>13</sup> , as dúas formas teónimicas nunha mesma inscrpción procedente do c. Covilhã CBR): adjetivo derivado de <i>*Ocelum l -a</i> .
<i>Ocael-aeco</i> ( <i>Lari -</i> )	(dat., inscr. do c. Sarreaus OU con < <i>ae</i> > hipercorrecto, <i>Ocaelaeoco</i> = <i>Oceleco</i> < <i>*Ocelaico</i> ): o mesmo.

Carlos Búa

- adxectivo en *-ako-*:

(4) <i>okelakum</i>	(xen. pl. en moeda celtibérica A.85 <sup>14</sup> ): adxectivo derivado de * <i>Ocelum</i> / -a.
---------------------	--

b. Como primeiro elemento de composto:

- topónimo:

(5) <i>Ocelodorum</i> <sup>15</sup>	(Rav. IV 45, h. Zamora): con cambio -ū- > -o- pechado do latín vulgar tardío.
-------------------------------------	---

c. Como segundo elemento de composto:

- topónimo:

(6) <i>Albocelo</i>	(abl., inscr. do c. Chaves VRE),
<i>Albkela</i>	(nom. [plur. neu. ?], Ptol. 2,6,19 entre os vaceos).
(7) <i>Balatucelo</i>	(abl., inscr. do c. Sabugal GUAR, entre os cularnos): probablemente < *Belatu- <i>okelo-</i> (con asimilación vocálica progresiva *-e-a- > -a-a <sup>16</sup> e monotongación *-uo- > -u-).
(8) <i>Louciocelo</i>	(abl., inscr. do c. Cacabelos LE, entre os nterámicos).

- adxectivo en *-ensi-*:

(9) <i>Aebosocel-ensis</i>	(nom., inscr. do c. Coria CC): adxectivo derivado de * <i>Aebosocelum</i> / -a.
(10) <i>Albocol-ensi</i>	(dat., inscr. do c. Miranda de Azán SAL): adxectivo derivado de * <i>Albocelum</i> / -a [cf. n.º 6 e 15] con asimilación vocálica regresiva *-o-e- > -o-o <sup>17</sup> . Esta asimilación só parece darse esporadicamente en formas adxectivais nas que ambas vogais son átonas [cf. n.º 13].
(11) <i>Araocel-ensibus</i> ( <i>castellanis</i> -)	(dat., inscr. do c. Mangualde VIS): adxectivo derivado de * <i>Araocelum</i> / -a.
<i>Araugel</i> ( <i>ensi/laegus</i> , - <i>ensi/laego</i> ) (Band(?) -)	(epíteto teonímico en nom. ou dat. sing. abreviado, procedencia descoñecida): <i>Araugel</i> ( <i>ensi/laego?</i> ) < * <i>Araocelénsil/áeco</i> con tautosilabización e ditongación -ao- > -au- en posición átona; adxectivo derivado de * <i>Araocelum</i> / -a.

*Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana*

(12) <i>Cusicel-ensibus</i> <i>(Laribus ~)</i>	(dat., inscr. do c. Valpaços VRE): <i>Cusicelensis</i> posiblemente < * <i>Cusucelensis</i> (con disimilación *-u-u- > -u-i- elou asimilación parcial progresiva *-u-t- > *-i- t-); adjetivo derivado de * <i>Cusucelum</i> / -a < * <i>Kusu-okelo-</i> / -a, cf. o teónimo <i>Cusu</i> (con monotongación *-uo- > -u- [cf. n.º 7]).
(13) <i>Sambaucol-en(sis)/</i> <i>[~-sis]<sup>18</sup></i>	(nom., inscr. do c. Chaves VRE, v. Rodríguez Colmenero [1997:294-295, n.º 371] <sup>19</sup> = CIL II 2482): <i>Sambauolen(sis)/[~-sis]</i> < * <i>Sambaocoleñis</i> con ditongación -ao- > -au- en posición átona [cf. n.º 11]; adjetivo derivado de * <i>Sambaoolum</i> < * <i>Sambaocelum</i> (con asimilación *-o-e- > *-o-o- [cf. n.º 10]).
(14) <i>Viriocel-ensi</i> <i>(Genio ~)</i>	(dat., inscr. do c. Amares BGA, v. Carvalho [1998: n. 262]): adjetivo derivado de * <i>Viriocelum</i> / -a.

- adjetivo en -aiko- (e -ainko-?):

(15) <i>Albucel-ainco</i>	(epíteto teonimizado en dat., inscr. do c. Viseu): con <N> hipercorrecto ou com sufixo -ainko <sup>20</sup> ; adjetivo derivado de * <i>Albucelum</i> / -a < * <i>Albocelum</i> / -a (con -o- > -u- en contacto com labial [cf. n.º 16, 17]).
(16) <i>Nemucel-aigabo</i> <i>(Deibabo ~)</i>	(epíteto teonímico en dat. plur. fem. [declinación indíxena = lat. * <i>Deabus Nemucel-aecis</i> ], inscr. do c. Chaves VRE <sup>21</sup> ): adjetivo derivado de * <i>Nemucelum</i> / -a < * <i>Nemocelum</i> / -a (con -o- > -u- en contacto com labial [cf. n.º 15, 17]).

- adjetivo posiblemente abreviado:

(17) <i>Tarbucel-i(co ?)</i> <i>(Marti ~)</i>	(epíteto teonímico que pode estar abreviado e daquela estaría probablemente en dat. sing., inscr. do c. Montariol BGA): adjetivo derivado de * <i>Tarbucelum</i> / -a < * <i>Tarboceilum</i> / -a (con -o- > -u- en contacto com labial [cf. n.º 15, 16]).
--	--

Carlos Búa

---

Do mesmo xeito que na franxa occidental son moito más frecuentes os topónimos en *\*-brig-* (con tódalas súas variantes) ca no resto da Hispania indoeuropea, tamén os topónimos en *\*ökelo-* se documentan praticamente todos nesta parte. Fóra da península temos un *Ocelum* na Galia Cisalpina (César *BG* 1,10) e varios testemuños na Gran Bretaña: *Okēlou ákron* (Ptol. 2,3,4) en xenitivo da flexión nominal grega, *Ocelo* dat. acompañando a Marte en varias inscricións votivas romanas (*Deo Marti Ocelo* RIB 310, 949; *[Deo] Marti Leno [s]ive Ocelo Vellaun(o)* RIB 309) e varios compostos en *\*-ocelum* nos itinerarios, todos con problemas gráficos e de restitución en parte hipotética<sup>22</sup>. A dispersión xeográfica desta forma topónímica (Hispania, Galia, Britania) invita e permite que a consideremos celta.

A acentuación latina de *Ocelum*, que é a base para a súa posterior evolución románica, foi sen dúvida *Ócelum*. Podémola reconixer a partir dos seguintes feitos:

- a. por unha parte, témo-la grafía e acentuación grega *Ókēlon* (Ptol. 2,5,7; 2,6,22), *Albókēla* (Ptol. 2,6,19). Dado que non se trata dunha posición condicionada polas regras de acentuación desta lingua, non temos por qué dubidar de que estea reproducindo a posición do acento en latín, que é a lingua intermediaria.
- b. por outra parte, témo-lo testemuño epigráfico de *Lari Ocaelaeco* de Sarreaus que nos mostra co seu <ae> que a vocal que esta hipercorrección gráfica representa é un /ɛ/ aberto, é dicir, un antigo /ē/ breve, que de acordo coas leis de acentuación latina nese lugar e contexto ten que ser átono, recaendo o acento sobre a vogal precedente (*Ócelum*).

En canto á súa etimoloxía, dado que se trata do nome co se designan promontorios e lugares habitados, pode tratarse dun derivado da raíz ide. *\*h₂ek'* 'punta, esquina'<sup>23</sup> da que nas distintas linguas indoeuropeas se documentan formas en *ak-* (< \**h₂ak'*- < \**h₂ek'*-) como gr. *akē* 'punta', lat. *acus* 'agulla', etc. e en *ok-* (< \**h₂ok'*-) como gr. *ókris* 'punta, esquina, cumé', lat. *ocris* 'mons confragosus'<sup>24</sup>, umbr. *ukar* 'castelo, acrópolis', ia. *asrl-* 'esquina', ir. *ochair* 'esquina, canto', brit. *Ókrion dkron* (Ptol. 2,3,3) (< \**h₂ok'*-ri-). A primeira variante radical podería estar no topónimo antigo (*castello*) *Agubri* (abl., inscr. procedente de Balmonte de Miranda OV) que partindo de *\*Aku-1 \*Ako-bri(g)-* se pode interpretar como "monte do pico, monte agudo". A segunda pode estar nos topónimos modernos *Ogrobe* (Pontedeume AC, Mondoñedo LU) e con reinterpretación da sílaba inicial como artigo e grafía <v> arbitraria *O Grove* (PO) < a. 899 *Ocobre* que en principio debemos facer remontar a *\*Oko-1 \*Okubri(g)*<sup>25</sup>. En canto á súa morfoloxía, *\*Okelo-* podería ser un diminutivo en *\*-(e)lo-* 'cumé, curuto < puntiña' dun tema *\*ok(ole)-* 'punta, cumé' que, se cadra, temos no citado *Ocobre*.

Albertos Firmat puxo os topónimos antigos en *-ocelum* en relación con formas actuais en *-ocelo(s) / -ucelo(s)* (entre outras que sen dúvida nada teñen que ver co que aquí estamos a tratar<sup>26</sup>). As razóns que a puideron levar a esta asociación son as seguintes:

*Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana*

- a. Por unha parte, temos unha inscrición romana procedente de Outeiro Alto, Abitureira, concello do Sabugal GUAR, onde se documenta, segundo a lectura tradicional, un *Fuscos Selveri f Lim(icus) / ∅ Arcuce(...?) / an(norum) XXII ...*, 'Fusco fillo de Severo, lñmico do *castellum* Arcuce(...?), de 22 anos ...'. A forma *Arcuce* pode estar abreviada e, dado que no concello lñmico de Laza OU témo-lo topónimo moderno *Arcucelos*, resulta aparentemente atractiva a posibilidade de restituír *\*Lim(icus) [castello] Arcuce(lo, -lensi)*.
- b. Por outra parte, existe algunha variante gráfica moi illada de *\*Ókelo-* con *-ll-* como *Okéllou* para o británico *Okélou dkron* (Ptol. 2,3,4, v. Rivet - Smith [1979:429]) e con omega a *Ókella* de Str. 3,4,3 entre os cántabros que, traídas a colación, poderían servir para explicar algunha das formas actuais en *-ocelo* presuntamente prelatinas co seu acento no *-e-* e *-l-* intervocálico conservado.

Eu estou, con todo, en contra desta posibilidade polas seguintes razóns:

- a. A maioría dos testemuños que están libres da sospeita de se poderen ter alterado na transmisión textual<sup>27</sup> ou por pseudoetimoloxías cultas<sup>28</sup> presentan *-l-* simple, non tendo por tanto sentido ningún pretender que o *-ll-* sobre sexa a súa forma verdadeiramente etimolóxica. De existiren realmente tanto *Oculum* como *\*\*Ocellum*, debemos observar en calquera caso que no occidente só temos testemuñada a primeira forma.
- b. As formas actuais en *-ocelo*, *-ucelo* (tamén *-ecelo* e *-celo*) coas que se pretende relaciona-lo prerromano *\*Ókelo-* son claramente románicas, como vou tratar de amosar seguidamente e, por tanto, non teñen nada que ver con esta serie toponímica prelatina.

Os sufíxos diminutivos teñen unha forte carga de expresividade e tenden por esta causa á súa recaracterización xerando variantes por combinación consigo mesmo ou con outros sufíxos similares. O latín, por poñer só dous exemplos ilustrativos que tomo do diccionario de F. Gaffiot, coñece para *porcus* "porco" os diminutivos *porculus* co suf. *-lo-* [< \*pórcelos], *porc-ellus* con dobre suf. *-lo-* [< \*porcél(e)los] e mesmo *porcellulus* con triple suf. *-lo-*; para *mons* "monte" temos *monticulus* [< \*monticelos], *monti-cellus* [< \*monticél(e)los] e tamén *monti-cellulus*, neste caso a partir da adición dos sufíxos *-ko-* e *-lo-* e sucesivas recaracterizacions en *-lo-*. O complexo *-cellus* que observamos neste último caso tivo un éxito románico moi notable, sendo actualmente moi produtivo, por exemplo, en castelán na súa forma correspondente (*-cieillo > -cillo*): *coche - cochecillo, camión - camioncillo, tractor - tractorcillo*. No galego actual non temos, en cambio, un uso produtivo deste sufíxio, pero está ben presente na toponimia galego-portuguesa, onde escollo e recollo os exemplos seguintes:

Carlos Búa

## — Masculinos:

gal. <i>Arcucelos</i> <sup>39</sup> , port. <i>Arcozelos(s)</i> <sup>40</sup>	: <i>arco(s)</i>
gal. <i>Montecelo(s)</i> <sup>41</sup> , port. <i>Montezelo(s)</i> <sup>42</sup>	: <i>monte(s)</i>
port. <i>Ortezelo</i> <sup>43</sup>	: <i>horto</i>
gal. <i>Portocelo(s)</i> , <i>Portecelo</i> <sup>44</sup> ,	
port. <i>Portuzelo(s)</i> , <i>Portezelo</i> <sup>45</sup>	: <i>porto(s)</i>
gal. <i>Praducelo(s)</i> <sup>46</sup>	: <i>prado(s)</i>
port. <i>Seixezelo</i> <sup>47</sup>	: <i>seixo</i>

## — Femininos:

gal. <i>Chancela(s)</i> <sup>48</sup>	: <i>chan(s)</i>
gal. <i>Corticela</i> <sup>49</sup>	: <i>corte</i>
port. <i>Pontizela</i> <sup>50</sup>	: <i>ponte</i>
gal. <i>Torcela</i> <sup>51</sup>	: <i>torre</i>
port. <i>Valizela</i> <sup>52</sup>	: <i>val</i>

Eu non vexo motivo para poñer-lo caso de *Arcucelos* de Laza (cun plural en *-os* que só pode ser románico<sup>49</sup>) á parte destes outros (cf. especialmente *Praducelo(s)*, *Portuzelo(s)*), tal como xulgaba Leite de Vasconcelos [1959:233-235], e, por tanto, non podo estar de acordo con Albertos Firmat en buscar calquera tipo de relación entre este topónimo románico e o prelatino \*Ókelo<sup>54</sup>. Na localización de topónimos antigos obsérvase como se establecen con frecuencia asociacións formais completamente superficiais con topónimos modernos, sen profundar minimamente na súa etimoloxía que con frecuencia leva claramente a unha orixe irreconciliable con esas formas antigas coas que se pretenden relacionar. Paréceme que este é un deses casos.

c. Por outra parte, Cardim Ribeiro [2002:551] establece agora definitivamente a lectura que documenta con foto que non deixa lugar a dúbidas [2002: f. 294] *Fuscus . Selveri . f. Lim / ♂ Arguce / an . XXII . h / s . e . s . t . t . l . / p . f . c . / curante / Touroco*, de xeito que a base da forma antiga *Arg-*, sexa cal sexa a terminación do topónimo, deixa de encaixar coa moderna *Arcucelos*.

¿Que forma deberían presentar na actualidade os topónimos antigos en \*-ōcēlum? Naturalmente deberían ser en *-ollo*. Trala esperada síncopa da vocal átona *-e-*, o novo grupo *-cl-* debe dar como resultado final *-ll-*, do mesmo xeito que sucede regularmente en *spēc(u)lum > espello*, *apīc(u)la > abella*, *ōc(u)lus > ollo*, *acūc(u)la > agulla*, etc.<sup>45</sup>

Esta forma resultante *-ollo* fai que por desgraza non sexa fácil a identificación dos membros desta serie prerromana, dado que nese resultado poden confluir diferentes formas antigas. O conxunto de topónimos en *-ollo* que puiden reunir basicamente a partir das bases de datos de toponimia maior galega moderna á misia disposición poden clasificarse do seguinte xeito:

Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana

- a. É especialmente problemático o conxunto de topónimos *O Abollo* (c. Vila de Cruces PO) relacionable con *Abonxo* (c. Lalín PO), por unha parte, e *ledoño* con var. *Ledonllo* (c. Culleredo AC) e *A Sionlla* con var. *Sioña* (Santiago de Compostela AC), por outra, coas súas formas medievais *Auaonio / Abaonio* no ano 959, *Letaonio* a. 830 e *Silaonia* a. 747 (v. Bascuas [2002:295, no prelo: § 30.4.8]). En canto ás formas antigas hai que ter en conta que as grañas medievais <ni> poden non estar representando a mesma realidade fonética en todos estes casos. Por outra parte, a eventual relación etimolóxica entre *O Abollo* e *Abonxo* non me parece forzosa<sup>46</sup>.
- b. Son con seguridade a grande maiorsa e posiblemente todos románicos os numerosos topónimos *Ollo* co significado de “burato (especialmente onde nace auga)”<sup>47</sup>, aínda que ese sería o resultado do topónimo simple \*Ókelo-: *O Ollo* (c. Begonte LU), *O Ollo* (*O campo de -*) (concello de Boimorto AC); en Portugal: *Olho* (c. Cantanhede COI), *Olho* (*Porto de -*) (c. Cabeceiras de Basto BGA), *Olho* (*Vale de -*) (c. Tábua COI); de clara referencia a un manancial: *Olho de Água* (1. c. Portalegre; 2. c. Estarreja AVE; 3. c. Vila de Rei CBR; 4. c. Loulé FAR; 5. c. Porto de Mós LEI; 6. c. Rio Maior STM; 7. c. Palmela SET)<sup>48</sup>.

Presentan ademais ou poden presentar léxico común galego os seguintes casos:

*O Carabollo* (*Cabezas de -*) (c. Castrelo do Val OU): gal. *carabollo* ‘a parte máis gorda da raíz (esp. de breixo)’.

*O Redollo* (c. A Bafia AC); en Portugal: *Redolho* (1. c. Monção VCAST; 2. c. Vila Real; 3. c. Lousada PTO), *Redolhos* (c. Gondomar PTO): gal. *redollo* ‘gromo, froita, herba ou cereais tardíos’ (cf. cast. *redrojo* sen disimilación) é derivado de *retrij* “atrás, detrás” (en sentido temporal ‘posterior, tardío’).

*O Rollo* (1. c. A Estrada PO; 2. c. Tui Po; 3. c. Castro de Rei LU): gal. *rollo* “picota, forca” entre outros significados (cf. na toponimia menor de Marín *O Outeiro do Rollo*, tamén chamado *O Outeiro da Forca*, v. Rivas [1982:303]).

*O Tarambollo* (c. Carballo AC), *O Tarambollo* (*Pena de -*) (c. Antas de Ulla LU, segundo Bascuas [no prelo: 116]); en Portugal: *Trambolho* (*Monte de -*) (c. Évora): gal. *t(a)rambollo* ‘pau, tarugo’.

*Trollos* (c. Outeiro de Rei LU); en Portugal: *Trolho* (c. Cuba BEJ): gal. *trollo* “lameira, barreira”.

- b. Presentan ou poden presentar nomes de posuidores:

*Carollo* (c. Orosa AC), *Carollín* (c. Pino AC): *Carolius*<sup>49</sup>.

*Dombollo* (c. Friol LU) < \*(de) don *Braolio*<sup>50</sup> (cf., por exemplo, *Donramiro* c. Lalín PO < \*(de) don *Ramiro*<sup>51</sup>).

Carlos Búa

---

d. Pode ser en orixe un hidrónimo:

*Tollo* que é lugar no c. Tomiño PO e afluente do baixo Miño<sup>52</sup>.

e. As formas restantes das que teño coñecemento son:

*Andamollo* (c. Silleda PO).

*Becollo* (c. Noia AC).

*Bendollo* (c. Quiroga LU)<sup>53</sup>.

*Bollo* (c. Miño AC).

*Sambollo* (c. Miño AC).

*O Tiollo* (c. Amoeiro OU).

Non pretendo que todos estes topónimos se deban considerar sen máis antigos compostos en *-ocelum* (nin que tódolos que foron apartados anteriormente se deban descartar definitivamente). Constitúen simplemente o último reduto de formas para as que eu neste momento non vexo outra posible orixe e entre as que xulgo que se deben incluír con máis probabilidade nomes realmente prerromanos. A maioría atopan posibles correspondencias na toponimia antiga (a) ou noutras series de topónimos modernos de orixe prerromana (b):

a.

*Andamollo* < \**Andamocelum*? Cf. o antropónimo indíxena *Andamus* documentado en inscricións romanas de Lugo, Ferreira do Zezere STM e Abertura CC<sup>54</sup>.

*Bendollo* < \**Bend-/Vindocelum*? Cf., por unha parte, os compostos en *-benda* como *Cilibendam acus.*, *Vagabrobendam acus.*, etc. do bronce da Dehesa de Morales (c. Fuentes de Ropel ZAM, AE 1983 293 § 1035b)<sup>55</sup> e, por outra, o *mons Vindius* de Floro 4,12,49 e o medieval *Vendabre* (a. 887, c. Betanzos AC); ademais os modernos *Bendaña* (c. Touro AC) e *Bendrade* (c. Oza dos Ríos AC).

*Bollo* (c. Miño AC) < \**O Bollo* < \**O(u)bollo* < \**Albocelum*? Cf. § 3, nº 5, 9, 14<sup>56</sup>.

*Sambollo* < \**Sambocelum*, var. de \**Sambaucelum*? Cf. § 3, nº 12<sup>57</sup>.

b.

*O Tiollo* (c. Amoeiro OU), cf. *Tiobre* (c. Betanzos AC).

4. Sen que ningún caso concreto se poida dar por seguro, parécmeme que unha parte polo menos deste conxunto pode ser de orixe prerromana, impresión que se deberá confirmar ou eventualmente rexeitar cun estudio exhaustivo e detallado da documen-

*Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana*

tación medieval<sup>s</sup>, da toponimia dos territorios restantes da Hispania indoeuropea e da nosa microtoponimia que áñda se está empezando a recoller.

Esta serie e mailas outras moitas que de momento pouco ou nada foron estudas están pedindo a berros unha investigación profunda e acorde co noso coñecemento actual da onomástica e linguas paleohispánicas, moito máis completa e detallada da que eu aquí lle puiden dedicar. Quede esta miña contribución non como solución a ningún problema, senón no mellor dos casos como achega de novos interrogantes que poidan ser de interese e para os que ogallá entre todos poidamos chegar a atopar respuestas satisfactorias.

Carlos Búa

## BIBLIOGRAFÍA

- Alarcão, J. de (2001): «Novas perspectivas sobre os Lusitanos (e outros mundos)», *Revista portuguesa de Arqueologia* 4, pp. 293-349.
- Albertos Firmat, M.L. (1985): «2. *Arantius Ocelaecus, Arantia Ocelaeca* y el elemento topónimico *Ocelum*» no seu artigo «A propósito de algunas divinidades lusitanas», *Symbolae Ludovico Mixelena septuagenario oblatae* I, Vitoria, pp. 469-474.
- Bascuas, E. (2002): *Estudios de hidronimia palaeoeuropea gallega*, Santiago de Compostela.
- Bascuas, E. (no prelo): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*.
- Boullón Agrelo, A. (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*, Tübingen.
- Cardim Ribeiro (coord.) (2002): *Religiões da Lusitania. Loquuntur saxa*, Lisboa.
- Carvalho, H. P. A (1998): «Pedestal ao Génio encontrado em Vilela, Amares», *FE* 57, n. 262.
- de Francisco Martín, J. - Villa Valdés, A. (2003-2004): «Toponimia de algunos asentamientos castreños en el occidente de Asturias. Nuevos datos epigráficos sobre vasos cerámicos», *Revista de Filoloxía Asturiana* 3-4, pp. 11-29.
- Fernández Oxea, J. R. (1951): «De epigraffia cacereña», *BRAH* 128, pp. 165-196.
- Franco Maside, R. M. (2001): «La vía per loca maritima: un estudio sobre vías romanas en la mitad noroccidental de Galicia», *Gallaecia* 20, pp. 217-248.
- Guerra, A. (1998): *Nomes pré-romanos de povos e lugares do ocidente peninsular* (vols. I-II), tese de doutoramento inédita, Lisboa.
- Leite de Vasconcelos, J. (1959<sup>3</sup>): *Lições de Filologia Portuguesa*, Rio de Janeiro.
- Le Roux - Tranoy (1973): «Notes d'épigraphie romaine romaine de Galice», *CEG* 28, pp. 221-234.
- Marques de Faria, A. (2003): «Crónica de onomástica paleohispánica (5)», *Revista de arqueología portuguesa* 6.1, pp. 211-234.
- Moralejo Lasso, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*, Santiago de Compostela.
- Orejas Saco del Valle, A. (2002): «El territorio de las civitates peregrinas en los tratados de agrimensura. Las civitates del noroeste hispano», *Habis* 33, 389-406.
- Piel, J. M. (1950): *Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular*, Coimbra.
- Piel, J. M. - Kremer, D. (1976) *Hispano-gotisches Namenbuch*, Heidelberg.
- Prósper, B. (2002): *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la Península Ibérica*, Salamanca.

Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana

- Rabanal Alonso, M.A. - García Martínez, S.M. (2001): *Epigrafía romana de la provincia de León: revisión y actualización*, León.
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Martín*, Santiago de Compostela.
- Rivet, A.L.R. - Smith, C. (1979): *The place-names of Roman Britain*, Londres.
- Rodríguez Colmenero, A. (1997): *Aqua Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*, Chaves.
- Rodríguez Ramos, J. (2001-2002): «Okelakum, Sekeida, Bolšken», *Kalathos* 20-21, pp. 429-434.
- Taboada Chivite, J. (1949): «Ara romana de Villaza (Verín)», *Boletín de la comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 5, pp. 55-56.
- Vaz, J. L. I. (1995): «Algumas inscrições rupestres da civitas de Viseu», en A. Rodríguez Colmenero - L. Gasperini (ed.), *Saxa scripta (inscripciones en roca). Actas del simposio internacional ibero-itálico sobre epigrafía rupestre. Santiago de Compostela y Norte de Portugal, 29 de junio a 4 de julio de 1992 (Anejos de Larouco, 2)*, Sada, pp. 279-295.
- Vázquez Betomeu, M. (2003): *A Igrexa de Santiago contra 1500 (O Libro do Subsidio)*, Verín-Santiago.
- Villar Liébana, F. (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana*, Salamanca.

Carlos Búa

## NOTAS

1. Problema gráfico relativamente frecuente nos dialectos con seseo, como ben é sabido. Lémbrese un dos exemplos más citados: *Zas /sas/ < Salas*.
2. Este adjetivo consérvase no i.a. *isirā-* ‘en movemento, enérxico, vigoroso’, gr. *hierós, hiarós, hírós* ‘áxil, lixeiro; forte, poderoso; divino, sagrado’ e no grupo de hidrónimos europeos *Ístros* (nome en versión grega do curso baixo do Danuvio: *Istro-* < \**isro-* < \**isH-rō-*), *Isar* (afl. do Danuvio < a. 748 *Isara*), *Isère* (afl. do Ródano < lat. *Isara*), etc. Para a raíz v. LIV s. v. *\*h₁eish₂* ‘poñer en movemento, reanimar’.
3. Véxase Moralejo Lasso [1977:18] (data de publicación orixinal: 1944). Utilizo aquí o termo *serie* co sentido restrinxido de conxunto de topónimos que comparten un mesmo morfema (ou secuencia de morfemas) fronte a *grupo* que me serve como designación máis xeral de todo conxunto de topónimos que comparten un mesmo segmento formal, sexa ese segmento un único e mesmo morfema ou non.
4. A. Moralejo Lasso, «El elemento -obre en la toponimia gallega», *Cuadernos de estudios gallegos* II, 5, 1956, pp. 1-6; «Sobre los nombres topográficos gallegos en -obre y sus afines», *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, Santiago de Compostela, pp. 49-83.
5. Martín Sarmiento no *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1757) recolle as seguintes formas ás que lles atribúe unha orixe xermánica: *Anobres, Anzobre, Bañobre, Barallobre, Callobre, Cambre, Canzobre, Cecebre, Cillobre, Ciobre, Dubre, Fiobre, Fixebre, Illobre, Jobre, Landrobe, Lestrove, Lobre, Lubre, Obre, Partinobre, Pezobre, Sillobre, Tiobre, Tragobe, Trobe*. Considera latinos, en cambio, os topónimos *Castrove, Grove e Xiabre*.
6. Nas «Observaciones sobre el estudio de la toponimia gallega» de Moralejo Lasso [1977:11-35] (data de publicación orixinal: 1944) nomea entre outras as series en *-antes*: *Barbantes* c. Punxín OU, Vilamarín OU, *Barrantes* c. Ribadumia PO, *Bemantes* c. Miño AC, *Cesantes* c. Redondela PO, *Marantes* c. Santiago de Compostela AC, *Ourantes* Punxín OU, *Serantes* c. Muxía AC, c. Ortigueira AC, c. Outes AC, c. Santiso AC, c. Vilanova de Arousa PO, c. Leito OU, etc.; en *-anca*: *Breanca* c. Miño AC, *Caivanca* c. Vilalba LU, *Cusanca* c. Boqueixón AC, c. O Irixo OU, *Maianca* c. Oleiros AC, *Trabanca* c. Outeiro de Rei LU, etc.; en *-aña*: *Bendaña* c. Touro AC, *Besaña* c. Touro AC, *Bragaña* c. Toques AC, *Moaña* PO, *Moraña* PO, *Xermaña* c. A Laracha AC, etc.); en *-oña*: *Cantóña* c. Teo OU, c. Paderne de Allariz OU, *Carantoña* c. Lousame AC, c. Vimianzo AC, *Centroña* c. Pontedeume AC, *Doroña* c. Arzúa AC, *Oroña* Outes AC, *Taragoña* c. Rianxo AC, *Visantoña* c. Santiso AC, etc.
7. Exemplos de topónimos en *-brig-*: *Kaitóbrix* (Ptol. 2,5,2) e *Talábrix\** (*Talábriga acus. Apian. Hisp. 73*); en *-bri-*: *Aviliobris* (inscr. c. Ponteceso AC), *Letiobri* abl.

Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana

(inscr. de Braga), *Miobri* abl. (inscr. c. Lugo), etc. con abundantes continuadores modernos en *-bre* (*Anzobre* c. Arteixo AC, *Añobre* c. Arteixo AC, *Callobre* c. Miño AC, c. Oza dos Ríos AC, c. Ortigueira AC, c. Santiago de Compostela AC, c. A Estrada PO, etc.); en *-briga*: *Lankobriga* (Ptol. 2,5,5), *Koilobriga* (Ptol. 2,6,41), *Nemetobriga* (inscr. de Sarreaus OU), etc. con continuadores modernos en *-br(i)a* (*Sanabria* ZAM; *Biora* c. Rubiá OU, *Lobra* c. Santiago de Compostela AC, etc.).

Existen ademais derivados en *\*-io-* neu.: *\*Brigium* que é base do epíteto das *Matrib[us] Brigeacis* dat. (inscr. de Peñalba de Castro BU), *\*Aiobrigium* base do nome de castelo *Aiobrigiaeco* abl. (inscr. do Caurel, cf. *castellanos Aiobrigiaecinos* no novo bronce de Bembibre LEO), entre os topónimos modernos tal vez *Calabreiro* (c. Negueira de Muñiz LU) que podería vir de *\*Calla-brigium*; en *-aikio-* neu.: *Brigatkion* (Ptol. 2,6,29 na zona de Benavente ZAM, cf. *Brigaecinus* en CIL II 6094).

Da mesma raíz temos, por último, *Brigantia* (Orosio 1,2,71) / *Phlāouion* *Brigāntion* (Ptol. 2,6,4) que tiña no seu territorio o faro romano coruñés (aprox. a. 971 *in valle de Faro Bregancio* no doc. 112 do Tumbo de Sobrado; v. Franco [2001:224-229] para os problemas de localización da cidade); na toponimia moderna occidental consérvase *Bragança* (a. 666 *Bregancia*) no norleste de Portugal (a variante más conservadora *Bregança* sen asimilación vocalica aínda sobrevive ou sobrevivía ata datas recentes na fala local segundo Piel [1977:162]).

8. Podemos ter ambos elementos no topónimo moderno *Cobre* (c. Narón AC) que podería vir de *\*O Ceobre* ← *\*Oceobre* < *\*Ocelobre* < *\*Okelo-bri(g)-*. Non se trata, así e todo, máis ca dunha posibilidade entre outras imaxinables e non menos plausibles, como, por exemplo, *Cobre* < *\*Ceobre* < *\*Celobre* < *\*Kailo-bri(g)-* (cf. *Caeilobrigoi* na inscr. en lingua indíxena de Lamas de Moledo).
9. As achegas de Prósper [2002:106-118] requiren por parte do lector a mirada crítica e escepticismo ós que a autora non parece saber somete-las súas propias especulacións etimolóxicas presentadas case sempre dun xeito tan excesivo como inxustificadamente contundente.
10. V. de Francisco Martín - Villa Valdés [2003-2004].
11. Nunha inscr. do concello de Sabugal GUAR temos uns *vicani* OCEL[.]N/N[.]S que aparentemente se debe interpretar como *\*Ocel[e]nn[se]s* con repetición errónea do <N> ó comezo da liña seguinte, como propón Prósper [2002:109].
12. Nunha inscr. do c. Redondo EVO aparece un individuo chamado *Max[s]imus* *Ocelaeci* co xentilicio *\*Ocelaicus* como nome do pai.
13. En *Arantija Ocela[e]ca* atopamos unha forma en *-a* en función de dativo singular que se pode interpretar no contexto do sincretismo casual do latín vulgar (sing.: -*ā* nom.-acus., -*æ* xen., -*ā* dat.-abl.). Aparece claramente en dedicatorias a divindades romanas como, por exemplo, na seguinte inscr. procedente do c. La Madroñera CC: *Saturni[n]us . Tolngi . Bellona / v(otum) l(ibens) p(osuit)*, onde

Carlos Búa

*Bellona* se escribe así na súa función de dativo a pesar de que na liña 4 hai espazo abondo para se ter escrito *Bellonae* (v. Fernández Oxea [1951:175-176, fig. 8]).

A hipótese de que *Arantija Ocela/eca* sexa un dativo indíxena resulta de seu pouco verosímil ó termos en paralelo o masculino *Arantio /Ocelaeco* que só pode ser latino (o dativo temático indíxena evoluciona por un camiño propio [-ōi > -ūi > -ū] que o fai sempre claramente diferenciable da terminación latina correspondente).

14. V. Rodríguez Ramos [2001-2002:431-432] que corrixe a lectura antiga *okalakum* en *okelakum* e Marques de Faria [2003:224-225] que pon este étnico en relación coa *Ociliis* de Apiano *Iber.* 47, 48, a situar na provincia de Soria, que serfa en realidade unha *Ocela*. É posible en efecto que esta *Ociliis* sexa unha variante de *Ocelis*, forma de ablativo tomada erroneamente como nominativo. Teríamos así *Ocela* como plural de *Ocelum* (neu.), mentres que noutras ocasións os latinos terían interpretado *Ocela* como fem. (v. n.º 3 *Ocelae*).
15. A principal variante coa que se documenta este nome, *Ocelum Duri* (*Ocelo Duri* no *It. Ant.* 344,6 e 439,10; *Ocedoluri* con metátese no *It. de barro* 2,5 semellante a de lat. *pal de(m)* → *pa(d)ul*), é probablemente froito dunha etimoloxía popular debida a que o lugar designado se localiza á beira do Douro (lat. *Durius*). Como se dixo na nota 8, un posible (aínda que completamente inseguro) topónimo galego moderno con \**okelo-* como primeiro membro de composto serfa *Ciobre* (c. Narón AC). Un posible topónimo en *-dro* procedente de \**-doro* < \**-dūrum* 'lugar/praza cerrada' (< \**dūro-*, cf. lat. *forum*; raíz \**dūwer* '(en)cerrar', IEW 278-279) serfa *Dodro* AC < a. 1114 *Dalodro*.
16. Cf. a divindade británica *Mars Belatucadrus* que entre outras se documenta coas seguintes variantes: *Belatucadro* (*RIB* 759, 809, 887, 888, 918, 948, 970, etc.), *Balatucadro* (*RIB* 772, 2045), *Blatucadro* (*RIB* 1776). *Balatu-* como antropónimo ou base de antropónimo pode deducirse da súa aparición como base de nome de cognatio en CIL II 2795, AE 1987 616 (Alcubilla de Avellaneda SO): *Paternus Balatuscun Melmani f.*
17. Nunha inscrición votiva do c. Valongo POR lemos *Albocol[...] P(ublius)/ Rufus / Apilus / fecit*, onde se pode restituir \**Alboco/lo, -lae* (nome de lugar divinizado) ou \**Alboco/leco* (epíteto teonimizado). Non se pode descartar, non obstante, que no espazo das tres letras iniciais da segunda liña se teña perdido [*aram*], [*sac(rum)*] ou [*mon(umentum)*], quedando como apartado teonímico \**Alboco*. Sendo isto así, tampouco se deberá descartar definitivamente que \**Albocolum / -a* non sexa unha variante de \**Albocelum / -a*, senón un derivado de \**Albocum*.
18. Para esta infrecuente abreviación na terminación *-ensis*, cf. por exemplo *Gigurrus Calubrigen(sis)* nunha inscr. do c. A Rúa OU (Colmenero [1997:209-211] = CIL II 2610). Tendo en conta, con todo, que a inscrición está perdida debe terse en conta a posibilidade de que se perdesen as tres últimas letras no final da segunda

*Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana*

---

liña. Na lectura transmitida (*D M / Visala Rebur Sambauolen / filiae pientissima et nepotibus / suis d s fec*) esta liña presenta 22 letras, mentres que a terceira ten 28. Se á segunda lle engadimos un <SIS> final, teríamos 25 que serían as axeitadas para que esta liña coincida en tamaño aproximadamente coa seguinte que seguiría tendo máis letras, pero con seis <l> que ocupan menos espazo.

19. Colmenero corrixe a lectura transmitida en *D(is) M(anibus) / Visala Reburri (filia) □ Ambau(m) Colen(ae) / filiae pientissima et nepotibus / suis d(e) s(uo) fec(it)* que interpreta como «Consagración ós deuses Manes. Visala, filla de Reburro, da parentela dos Ambaos, pagou este sepulcro para Colena, a súa filla piadosísima e para os seus netos». Non hai, non obstante, ningunha necesidade de converte-lo <S> transmitido en <□>, sendo por outra parte inadmisible a súa proposta de interpretación □ *Ambau(m)* «da parentela dos Ambaos».
20. A secuencia *-nc-* é foneticamente moi estable, pero non é completamente allea ós problemas gráficos que xorden aquí por outras causas. Os acusativos *hunc*, *hanc* e outras palabras semellantes escribense ás veces sen <n> (por exemplo, *post ha(n)c lege(m)* na Lex Irnitana, *hu(n)c titulum* en AE 1976 628), o que provoca que esporadicamente se introduza o <n> onde non corresponde. Obsérvese, por unha parte, a fórmula sepulcral *hinc sepulta est* nunha inscr. de Lugo (Le Roux - Tranoy [1973:232-233]) con confusión gráfica entre os adverbios *hic* e *hi(n)c*; por outra, a dedicatoria a *Minervae sanctae* dunha inscr. de Conimbriga (Cardim Ribeiro [2002:471]) por cruzamento entre *sacrae* e *sa(n)ctae*. É posible, por tanto, que este <AINCO> estea representando */aiko/* cun <N> hipercorrecto. Pero a secuencia <AINC> reaparece no teónimo *Oipainciae* (dat., inscr. de Idanha-a-Nova CBR, HE 1995 307 § 991) e no topónimo □ *Uliainca* (abl., inscr. de Vila do Conde PTO), de xeito que é posible que exista realmente un sufijo ou secuencia sufixal *-ainko-*.
21. Colmenero [1997:123] le *Debaroni Muceicalo*.
22. \**Alaunocelum* (Rivet - Smith [1979:246]), \**Cintucelum* (Rivet - Smith [1979:308]) e \**Itunocelum* (Rivet - Smith [1979:380-381]).
23. Cf. het. *hikur* 'cumé' con vocalismo longo radical e conservación do \**h<sub>2</sub>*- inicial. A posibilidade de partir da rafz \**kel(H)* 'elevarse, sobresaír' (cf. lat. *culmen*, etc.) cun eventual pref. \**o-* non é mellor hipótese.
24. Cf. ademais lat. *mediocris* lit. "que está a media altura".
25. Tendo en conta a variación latina *u/i* ante labial, tamén sería posible \**Oki-bri(g)-* que podería vir de \**Okri-bri(g)-* con disimilación. O tema \**okri-* como primeiro elemento de composto está documentado para o occidente peninsular no antropónimo *Ogrigenus Pintil(i) filius ex cohorte Aestureru(m) et Callaecoru(m)* (*CIL XII* 7037) < \**Okri-gen-* e no teónimo *Ocrimirae* dat. dunha inscr. de Marvão PTGRE.

Carlos Búa

---

26. As formas en *-e* que ela cita como *Oselle* (< \**Osildi*, xen. de *Osildus*, v. Piel - Kremer [1976:214]), etc. son sen dúbida topónimos formados a partir de *nominna possessoris* en xenitivo.
27. No caso de Ptolomeo temos o mesmo problema un pouco máis adiante. En 2,3,6 o topónimo *\*Ukselo-* 'alto' (galés *uchel* 'alto', irl. *uasal* 'nobre') aparece coas variantes *Oúkselon* e *Oúksellon*. Isto móstranos que a alternancia *-elo-* / *-ello-* nesta fonte non é algo exclusivo e específico de *Ókelon*, senón que é un problema que probablemente se sitúa noutro ámbito e ten causas alleas á súa etimoloxía.
28. Moi probable no caso de Estrabón, onde nos atopamos nunha parte do texto no que se presentan as presuntas pegadas topónómicas e etnonómicas da presenza grega, especialmente dos personaxes homéricos, no occidente peninsular, entre os que se conta *ækella*.
29. *Arcucelos* (c. Laza OU).
30. *Arcozelo* (1. c. Barcelos BGA; 2. c. Gouveia GUAR; 3. c. Ponte de Lima VCAST; 4. c. Vila Nova de Gaia PTO; 5. c. Vila Verde BGA; 6. c. Santa María da Feira AVE; 7. c. Guimarães BGA; 8. c. Seia GUAR; 9. c. Penafiel PTO; 10. c. Santo Tirso PTO; 11. c. São Pedro do Sul VIS), *Arcozelo da Torre* (c. Moimenta da Beira VIS), *Arcozelo das Maias* (c. Oliveira de Frades VIS), *Arcozelo do Cabo* (c. Moimenta da Beira VIS), *Arcozelos* (c. Muimenta da Beira VIS).
31. *Montecelo* (1. c. Abadín LU; 2. c. Baltar OU; 3. c. Begonte LU; 4. c. Bergondo AC; 5. c. Carral AC; 6. c. Coristanco AC; 7. c. Crecente PO; 8. c. Marín PO; 9. c. Melide AC; 10. c. Nogueira de Ramuín OU; 11. c. Monterroso LU; 12. c. Ortigueira AC; 13. c. Paderne AC; 14. c. Palas de Rei LU; 15. c. Salceda de Caselas PO; 16. *idem*; 17. Vilagarcía de Arousa PO), *Montecelos* (1. c. Antas de Ulla LU; 2. c. A Baña AC; 3. c. Friol LU; 4. c. O Savíñao LU; 5. c. Taboada LU; 6. c. Vimianzo AC).
32. *Montezelo* (1. c. Maia PTO; 2. c. Gondomar PTO; 3. c. Viana do Castelo), *Montezelo Novo* (c. Celorico de Basto BGA), *Quinta do Montezelo* (c. Lisboa), *Quinta de Montezelos* (c. Vila Real).
33. *Ortezelo* (1. c. Vieira do Minho BGA; 2. c. Lousada PTO).
34. *Portocelo* (1. c. Camariñas AC; 2. c. Catoira PO; 3. c. Friol LU; 4. c. Nigrán PO; 5. c. Santiso AC; 6. c. Vilalba LU; 7. c. Xove LU), *Portocelos* (c. Amoeiro OU), *Portecelo* (1. c. Curtis AC; 2. c. A Estrada PO; 3. O Rosal PO).
35. *Portuzelo* (1. c. Vila Verde BGA; 2. c. Ponte da Barca VCAST), *Portuzelos* (c. Barcelos BGA), *Portezelo* (c. Valença VCAST).
36. *Praducelo* (1. c. Riotorto LU; 2. c. Samos LU), *Praducelos* (c. Montederramo OU).
37. *Seixezelo* (c. Vila Nova de Gaia PTO).
38. *Chancela* (1. c. Oleiros AC; 2. c. Palas de Rei LU), *Chancelas* (1. c. Boiro AC; 2. c. Poio PO).

Sobre topónimos modernos galegos en -ollo de posible orixe prerromana

39. *Santa María de Corticela* (c. Santiago de Compostela AC).
40. *Pontizela* (c. Vinhais BGÇ).
41. *Torceta* (c. Piñor OU).
42. Nunha busca non exhaustiva só o logrei documentar como apelido.
43. Se fose antigo, teríamos como plural correspondente a *\*\*Arcucelum* neu. unha forma en *-a!*
44. Deste Arcucelos, por certo, procede un epígrafe perdido dedicado a *Bandu* [.]?rubrico ou *Banduse*?rubrico (Taboada [1949:55-56]) que, de non ser unha advocación foránea de *Bandu(e)*, nos mostraría que o nome antigo deste lugar era un topónimo en *\*-bri-*.
45. No caso de partirmos de *-úcelum* (cf. *Balatucelo* abl. < *\*Belatu-okelo-*) teremos *-ollo* con *-o-* pechado (eventualmente convertido en *-u-*), se se tratase dun *-ú-*, ou *-ullo*, se se tratase dun *-ū-*. Lamentablemente por agora non podemos determinar se ese *-u-* procedente de *\*-uo-* era breve ou longo. No caso de ir precedidos de nasal intervocálica o resultado pode ser dialectalmente *\*-n-oc(e)lum* > *-ollo* > *-onlla*. Por último, ainda se debe ter en conta a posibilidade de existiren formas en *\*-icelum* (cf. *Cusicelensibus*) que darsan *-ollo* ou *-illo*, segundo ese *-i-* fose breve ou longo. Fóra da ámbito lingüístico galego-portugués a partir da forma normal *-ócelum* esperaríase, por exemplo, *-ollo* / *-uello* en territorio asturiano-leonés e *-ojo* en castelán coas esperables variantes correspondentes.
46. *Abollo*, ademais de posible composto en *\*-ocelum*, podería ser tamén un nome de posuidor <*Av(i)olius* (cf. *Vilabolle* c. Grandas de Salime OV, *Vilaboi* c. Valdoviño AC).
47. Cf. tamén *illó* ‘lugar onde nace auga’ <*\*olló* < *\*ollo(l)o* con palatalización de vocal pretónica ante consonante palatal como *filló*, *filloa* < *folloa* < *foliola* ou na toponimia, por exemplo, *Bendilló* < *\*Bendolló* < *\*Bendollo(l)o*, diminutivo de *Bendollo* (v. nota 52).
48. As formas plurais en *-os* son sen dúbida todas románicas: *Olhos* (1. c. Soure COI; 2. c. Castro Marim FAR), *Olhos* (*Vale de -*) (c. Santiago de Cacém SET), *Os Ollos* (*Fonte de -*) (c. Forz LU), *Olhos de Água* (1. c. Albufeira FAR; 2. c. Marvão PGRE; 3. c. Palmela SET), *Olhos (Quinta dos - de Água)* (1. c. Montemor-o-Novo EVO; 2. c. Sines SET), *Olhos da Fervenza* (c. Cantanhede COI), *Olhos da Praia* (c. Benavente STM).
49. Cf. *Caroi* (1. c. Cotobade PO, 2. c. Meis PO).
50. Sobre este antropónimo v. Boullón [1999:161].
51. Cf. co ben posuído sen elidir *Rebordondiego* (c. O Saviñao LU) < *\*reboredol-da* (*de*) *don Diego* con haploloxía; en xenitivo os preciosos *Donepedre* (c. Culleredo

Carlos Búa

---

LU) < \*domnī Petrī ‘de don Pedro’, *Donalbai* (c. Begonte LU) < \*Done Albai < \*domnī Albani ‘de don Albán’.

52. Segundo Bascuas [no prelo: § 72.3.1, § 72.5], existe *tollo* en galego co significado de ‘lameira, lodeira, lugar onde nace auga, poza’ que non atopo no *Dicionario de diccionarios* do ILGA. Para a posibilidade de que *Tollo* sexa un composto en *-oculum*, cf. *Trobe* (c. Vedra AC) < \**Tobre* < med. *Talobre*.
53. No mesmo concello temos *Bendilló*, diminutivo de *Bendollo* (v. nota 46). A existencia de dous topónimos homónimos próximos provoca frecuentemente a transformación en diminutivo do lugar de menor dimensión ou relevancia (cf. *Moraña - Morañó* < \**Moraño(l)a* ou na top. castelá *Palencia - Palenzuela*).
54. *Andamo-* pode ser un superlativo co significado de ‘altísimo’ (cf. o prefixo intensificativo galo *ande-* en antropónimos como *Andecom bogius*, a. i. *adhi-* en compostos como *adhi-deva-* ‘gran deus’).
55. Estes topónimos en *-benda* só se documentan neste bronce, o que deu pé a que algúns investigadores os considerasen un argumento máis a favor do presunto multilingüismo da Hispania prelatina occidental. Hai que ter en conta, non obstante, que este bronce é en realidade unha das poucas ventás abertas á microtoponimia antiga (v. Orejas [2002:402-403]) e que máis ben nos pode estar mostrando un léxico que non está representado na toponimia maior que é a que basicamente nos transmiten as fontes literarias e epigráficas das que se nutre o noso limitado coñecemento da toponimia antiga (cf. en galego, por exemplo, *cómaro*, moi frecuente na microtoponimia e praticamente inexistente na onomástica de lugares habitados).
56. Para a posibilidade de termos aquí un antropónimo, cf., por unha parte, Piel [1950:69]: «Em principio, o nome do santo (*sc.* S. Baudélio) podería perfeitamente evolucionar, na Galiza, para \**Boelho* e, com recuo do acento, *Bolho*, *Bollo*; por outra, a posibilidade de *Bollo* < \**vila (de) Avollo* con aférese a partir dun antropónimo *Av(i)olius* (v. nota 45).
57. Piel [1950:69] ofreceu con dúbidas unha posible interpretación desta forma como haxiotopónimo, advirtindo que «é puramente conjectural a nossa atribución deste topónimo a S. Baudélio, pois non dispomos de elementos, excepto a forma moderna, em que a possamos firmar».
58. Atopo no CODOLGA algunhas formas medievais como, por exemplo, *Triollo* (a. 899, Tumbiño de Bóveda) que poderían pertencer a esta serie (< \**Tri-oculum* ?), pero non tiven oportunidade de as contrastar e constatar convenientemente.